

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O COMITÉ DE ENTIDADES REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (CERMI GALICIA) PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2021.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte.-

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte.-

Don Luciano Fernández Pintor, con DNI 10046766K, que actúa en nome e representación do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia, en adiante CERMI Galicia, con NIF G15696792, na súa condición de presidente, elixido na X Asemblea Extraordinaria de data 30 de novembro de 2020 de acordo co recollido nos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten



competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, do 3 de decembro.

IV. Que CERMI Galicia, composta por doce asociacións de persoas con discapacidade, figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1188, tendo entre outras finalidades, de conformidade co recollido nos seus estatutos, participar plenamente na vida social da Comunidade Autónoma de Galicia, para defender os dereitos das persoas con discapacidade.

CERMI Galicia desenvolve as seguintes funcións:

- a) Ser un foro de estudo e debate que desenvolva propostas para a mellora e defensa do colectivo que representa
- b) Diseñar políticas de actuación encamiñadas a alcanzar a normalización social das persoas con discapacidade
- c) Ser unha plataforma común de debate para as persoas con discapacidades
- d) Representar as entidade das persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia que constitúen CERMI Galicia, ante os distintos órganos gobernamentais e outras instancias pública e privadas da Comunidade Autónoma de Galicia
- e) Analizar os diferentes problemas que afecten ao colectivo das persoas con discapacidade

A actividade do CERMI Galicia, de cara ó ano 2021, virá determinada fundamentalmente por afrontar e apoiar a loita contra a pandemia do COVID-19, ademais de continuar co reforzo na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade e a colaboración coa Administración Autonómica e co CERMI estatal, a cohesión interna e a búsqueda de alianzas que aporten e axuden á consecución dos obxectivos marcados.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que



traballan na atención ás persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con CERMI Galicia para contribuír ao financiamento do mantemento da entidade .

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, CERMI Galicia é a única entidade de iniciativa social en Galicia que ten como finalidade ser un foro de estudio e debate que desenvolve propostas para mellorar e defender o colectivo de persoas con discapacidade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do mantemento de CERMI Galicia, co fin de prestar servizos as organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade.

A actividade de CERMI Galicia no ano 2021 virá determinada pola continuación na loita contra a pandemia da COVID-19, ademais de continuar na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade e a colaboración coa administración e co CERMI estatal.



As actuacións que vai desenvolver son as seguintes:

- a) Accións representativas e institucionais tanto a nivel estatal como a nivel autonómico
- b) Accións na esfera autonómica no eido da sanidade, da educación, do emprego e da accesibilidade

1. As accións no eido da sanidade son entre outras:

- Impulsar a adecuación da Lei de Saúde de Galicia.
- Colaborar no Espazo Sociosanitario galego de atención a todas as discapacidades.
- Continuar no fomento da accesibilidade nos centros sanitarios.
- Mellorar os sistemas de comunicación de cara a que as persoas con maior grao de discapacidade poidan adquirir un maior desenvolvemento (asistencia a médicos, probas), sin necesidade de persoas de apoio

2. As accións no eido da educación son entre outras:

- Solicitar a implantación da Unidade Didáctica da Discapacidade, actualizada ao seu formato dixital, elaborada no ano 2018 pola Consellería de Educación e CERMI
- Demandar maiores apoios nas etapas educativas adaptados a todas as discapacidades.

3. As accións no eido do emprego son entre outras:

- Trasladar ao Consello Galego da Función Pública as reivindicacións mais urxentes en materia de emprego das persoas con discapacidade.
- Definir propostas de no ámbito da inclusión laboral.
- Impulsar a aplicación da Lei de Infraccións e sanción no mundo laboral de cara a fomentar a contratación das persoas con discapacidade

4. As accións no eido da accesibilidade son entre outras:

- Esixir o desenvolvemento da Lei de accesibilidade de Galicia.
- Demandar a efectiva adecuación dos transportes públicos de Galicia.



c) Accións na defensa dos dereitos, propoñendo a actualización de normas da Comunidade Autónoma á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, e defendendo e asesorando as persoas con discapacidade

d) Accións na esfera interna, impulsando a dotación de recursos humanos da entidade, propoñendo a creación dunha páxina web e redes sociais, etc

SEGUNDA.- Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver, é de 51.723,38 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **cincuenta mil euros (50.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade

CERMI Galicia deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



4. Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

8. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



QUINTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SEXTA.- Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Poderá acordarse un pagamento parcial do 80% na medida que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados, previa acreditación do emprego das cantidades concedidas mediante certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así mesmo achegarase a certificación do órgano competente relativa ao cumprimento dos fins das cantidades obxecto deste convenio.
- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, CERMI Galicia queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e xustificación

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2021**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada de conformidade co desglose da memoria económica.

Así mesmo, considerarase efectivamente xustificado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

Para os efectos de xustificación CERMI Galicia remitiralle á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, unha vez finalizado o obxecto do convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total do proxecto e en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2021:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste.
- b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse ao efectos da súa



xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita a seguinte documentación:

1. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2. Recibos de salarios

3. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados

4. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

c) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2022.

OITAVA.- Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.



O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

CERMI Galicia queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

CERMI Galicia asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DÉCIMA.- Subcontratación

CERMI Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración.



Non obstante, autorízase a subcontratación de ata o 50% da execución de actividades, nos termos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. A mencionada subcontratación ten por obxecto cumprimentar as actuacións precisas para a debida execución do convenio, a través de servizos profesionais nos termos previstos na memoria económica.

CERMI Galicia, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de CERMI Galicia, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. O secretario poderá ser un membro do propio órgano, ou ben unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que nese caso actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste



convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2021, establecida na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO CUARTA.- Información básica sobre protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.



A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO QUINTA.- Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A subscripción deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de





dous meses se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en duplicado exemplar no lugar e data expresado.

A Conselleira de Política Social

O Presidente do Comité de Entidades
Representantes de Persoas con Discapacidade
de Galicia

Fabiola García Martínez

Luciano Fernández Pintor

